

**Instrucións para a solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para actividades recollidas no Regulamento aprobado en Consello de Goberno de 10 de outubro de 2016.**

1. As actividades susceptibles de recoñecemento deben estar organizadas sempre por unha persoa que sexa membro da Universidade de Vigo.
2. No caso de actividades organizadas por unha institución de educación superior, nas que exista un convenio previo, asinará a persoa responsable da organización.
  - A sinatura do convenio tramítase a través da vicerreitoría de Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade (asinado dixitalmente).
  - Coa solicitude achegarase o convenio ([modelo de convenio](#))
3. No caso de actividades coorganizadas con outras institucións que non sexan de educación superior, será indispensable achegar o *Acordo de organización conxunta* (cun formato libre) asinado por ambas partes.
4. No caso de actividades virtuais ou en liña deberán certificarse pola persoa responsable xustificando o número de horas atribuídas e ademais aportar xunto coa solicitude, unha memoria do seguimento e aproveitamento destas actividades, onde figure un resumo coas actividades que se van a facer e como van a ser avaliados.
5. A solicitude e a documentación deberá presentarse cunha antelación mínima de dous meses antes da data de comezo da actividade.

Este prazo de dous meses é indispensable para garantir unha oferta pública e transparente das actividades obxecto de recoñecemento da nosa Universidade de cara ao estudiantado, así como para favorecer a publicidade pola parte organizadora.

  1. A persoa encargada da realización da actividade (estudiantado, PAS, PDI) deberá cumprimentar a [solicitude](#) (indicando o título da actividade nos tres idiomas: galego, castelán e inglés) e o [programa detallado](#), e asinalos con certificado dixital.
  2. A persoa encargada da realización da actividade debe presentalos (debidamente asinado) a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través do procedemento “SXER - Instancia xenérica”
  3. No asunto indicar “Recoñecemento de créditos ECTS – Servizo Xestión Extensión”
  4. Tamén se poderá presentar por calquera outro dos medios previstos no artigo 16.4 na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.